



PREGUNTA ORAL SOBRE O CESAMENTO DE VOLUNTARIAS RESPONSABLES NO REFUXIO DE ANIMAIS DE BANDO

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día do Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo a información que lle fixeron chegar a este Grupo Municipal, no mes de xuño pasado, polo menos dúas voluntarias responsables do Refuxio de Animais de Bando recibiron unha comunicación, mediante correo electrónico da recentemente nomeada directora, no que se lle informa do seu cesamento como voluntarias responsables sen que previamente recibiran ningunha advertencia nin ningunha comunicación persoal.

Para a toma desta decisión non constan máis que razóns xenéricas e, polo que se nos ten trasladado, ante un correo de contestación dunha destas voluntarias responsables pedindo explicacións, a única resposta foi: *“Ola, [...] Desculpa por tardar en responder. Correo recibido correctamente pero mantense a decisión tomada. Saúdos. A Dirección. Fundación Refuxio de Animais. Lg Zarramacedo, Bando...”*

Anteriormente, no mes de abril houbo por parte da dirección un empeño en que os voluntarios asinasen unhas normas de voluntariado que non foron aprobadas polo Padroado que dirixe a entidade, polo que carecen de validez, posto que as anteriores foron aprobadas no citado órgano de dirección.

Logo dunha consulta sobre a validez da modificación das normas de voluntariado da entidade, da que non consta acordo nin tratamento no seo do Padroado, as dúas persoas afectadas pola decisión de cesamento negáronse a asinar, polo que esta actitude podería estar na orixe da decisión tomada posteriormente.

Á vista destes feitos, o Grupo Municipal Popular formula a seguinte pregunta:

Era coñecedor o Goberno municipal –e en particular a concelleira encargada desta área– destes feitos e que medidas pensa adoptar ou ten adoptado xa para corrixir estas accións improcedentes tomadas pola nova directora do Refuxio de Animais?

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2018

Teresa Gutiérrez López
Concelleira do Grupo Popular